



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29G	<i>Expediente</i> CON/49/2015	<i>Fecha</i> 23-11-15 10:33

Sello o Certificación Mecánica

Número 27 .- Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017

*Destinatario*



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2015 , previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**27 .- SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA OS CURSOS ESCOLARES 2015-2016 E 2016-2017.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, de data 19 de novembro de 2015, na que se indica o seguinte:

“Manuel Dios Diz, concelleiro delegado de educación e cidadanía, e presidente da mesa de contratación da licitación *“Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017”*, conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 29 de novembro de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador CATERING PEREA ROJAS SLU.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29G	<i>Expediente</i> CON/49/2015	<i>Fecha</i> 23-11-15 10:33

Segundo: Con data 12 de novembro a empresa proposta presenta escrito de renuncia a adxudicación, do que se deu conta a esta xunta de goberno con data 13 de novembro.

Terceiro: Con data 16 de novembro a empresa VILLASENÍN SL, clasificada en segundo lugar na licitación, presenta tamén escrito solicitando a súa exclusión da licitación.

Cuarto: E, finalmente, con data 17 de novembro, a empresa SERUNIÓN, última supervivinte do procedemento, solicita tamén por escrito a retirada da súa oferta.

En consecuencia, e conforme ao acordado na reunión da mesa de contratación celebrada a día de hoxe, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Deixar deserta a licitación de referencia ante a retirada das ofertas dos tres licitadores admitidos.

Segundo: Requerir as empresas Catering Perea Rojas SLU, Villasenín SA e Serunión SA que acrediten documentalmente as razóns que motivan a súa decisión de retirada das súas proposicións a esta licitación, aos efectos de xustificar que non se trata dunha "retirada indebida" á que fai referencia o artigo 60.2.d) do TRLCSP. A documentación que se aporte por estas empresas será obxecto de valoración xurídica para determinar se concorren ou non os supostos do referido artigo, e, na súa virtude, se procede, ou non, a declaración de prohibición de contratar co Concello de Santiago.

Terceiro: Toda vez que da natureza do servizo deriva a necesidade da súa contratación inmediata e a licitación convocada anteriormente quedou deserta, ao amparo do establecido no artigo 170.c) do TRLCSP, propónse iniciar un novo procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, mantendo na súa integridade as condicións dos pregos aplicados no procedemento aberto, invitando a presentar ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para a prestación dos servizos."

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI29G	<i>Expediente</i> CON/49/2015	<i>Fecha</i> 23-11-15 10:33

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Primeiro: Deixar deserta a licitación de referencia ante a retirada das ofertas dos tres licitadores admitidos.

Segundo: Requerir as empresas Catering Perea Rojas SLU, Villasenín SA e Serunión SA que acrediten documentalmente as razóns que motivan a súa decisión de retirada das súas proposicións a esta licitación, aos efectos de xustificar que non se trata dunha "retirada indebida" á que fai referencia o artigo 60.2.d) do TRLCSP. A documentación que se aporte por estas empresas será obxecto de valoración xurídica para determinar se concorren ou non os supostos do referido artigo, e, na súa virtude, se procede, ou non, a declaración de prohibición de contratar co Concello de Santiago.

Terceiro: Toda vez que da natureza do servizo deriva a necesidade da súa contratación inmediata e a licitación convocada anteriormente quedou deserta, ao amparo do establecido no artigo 170.c) do TRLCSP, propónse iniciar un novo procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, mantendo na súa integridade as condicións dos pregos aplicados no procedemento aberto, invitando a presentar ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para a prestación dos servizos.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**

